

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA O SERVIZO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Manuel Ruiz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 9 de xullo de 20120, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou co concello de Ribeira un convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado "Adquisición dun vehículo para o Servizo de Emerxencias Municipal"

Segundo. O Concello de Ribeira interesa unha ampliación dos prazos para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e de vixencia do convenio.

Terceiro. Co fin de estudar a proposta do concello, en data 9 de outubro de 2020 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por dous representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dous representantes do concello de Ribeira, e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o concello de Ribeira para a execución do proxecto denominado "Adquisición dun vehículo para o Servizo de Emerxencias Municipal"

As partes reunidas ACORDAN:

- A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos nas cláusulas sexta e décimo quinta, ata o día 1 de decembro de 2020.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento o 19 de outubro de 2020.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo

O alcalde do concello de Ribeira

Alfonso Rueda Valenzuela

Manuel Ruiz Rivas